

PORTUGUÉS Segunda Lingua – BAC 2 Semipresencial

MATERIAIS E RECURSOS

- **Libros de texto:** -Entre nós 1
- Entre nós 2 (material complementar) - Gramática ativa 1
- Material didáctico e audiovisual disponibilizado na sala de aulas.
- Libro/s de lectura: A biblioteca do centro disporá dalgúns exemplares de manuais e libros de lectura.



MODELO DE AVALIACIÓN

Terá dereito á avaliación continua quen asistir con regularidade ás aulas. Discentes que teñan máis dun 10% de faltas sen xustificar ou máis de 20% xustificadas perderán o dereito a avaliación continua (e deberán presentarse ao exame ordinario da materia como valor único).

O valor final obtido na materia en cada trimestre terá en conta os seguintes elementos:

-Exame ordinario: 80% - 90% (depende de realizar a proba de lectura)

-Proba de Lectura (opcional) 10%.

-Traballo continuado do alunado: asistencia regular ás clases, participación e realización de traballos e exercicios, actitude colaborativa e responsable...10%.

As datas exactas dos exames trimestrais serán concretizadas na sala de aulas.

No fin da guía aparecen pormenorizados os contidos mínimos e os criterios de avaliación.

UNIDADES DIDÁCTICAS E TEMPORALIZACIÓN

Hai unha única sesión por semana. A asistencia é obrigatoria

1º trimestre: Total sesións: 8 turma da tarde / 9 turma da manhã

Unidades didácticas Entre nos 1	Unidades didácticas Gramática activa	Número de sesións
Unidade 4 A tempo e horas	Unidades 1-4	2 sesións
Unidade 5 Tive umas férias de sonho	Unidades 5-8	2 sesións
Unidade 6 Como se tem sentido ultimamente?	Unidades 9-12	2 sesións
Unidade 6	Unidades 13-16	1/2 sesións
Unidade 7 Podíamos dar um passeio...	Unidades 17-20	1 sesións

2º trimestre: Total sesións: 6 tarde / 8 manhã

Unidades didácticas Entre nos 1	Unidades didácticas Gramática activa	Número de sesións
Unidade 7	Unidade 23	3 sesión
Unidade 8 Admite-se tradutor	Unidades 24-26	1/2 sesións
Unidade 8	Unidades 28-30	1 sesións
Unidade 9 É para oferta?	Unidades 32-34	1/2 sesións

3º trimestre: Total sesións: 7 tarde / 6 manhã

Unidades didácticas Entre nos 1	Unidades didácticas Gramática activa	Número de sesións
Unidade 9	Unidades 38-40	3 sesións
Unidade 10 Traga-me a ementar, por favor	Unidades 41-43	3 sesións
Unidade 10	Unidades 44-46	1 sesións / 0

CONTIDOS POR TRIMESTRE:

Os contidos das unidades de cada trimestre poden ser conferidos na grella de contidos (páx. 4 e 5) do propio manual Entre Nós 1

CONTIDOS MÍNIMOS:

Será necesario demostrar unha mínima competencia oral e escrita a respecto dos contidos das unidades e do currículo de 1o de Bacharelato aceptándose erros ortográficos e fonéticos do propio nivel:

- *Cumprimentos, presentacións, información de carácter persoal.*
- *Descrición e localización de lugares, pedido de información sobre lugares, descrições físicas e psicológicas.*
- *Convites participar, pedidos, aceptacións e rexeicións, escrita de un pedido ou carta muito breve, conversación básica.*
- *Conversación sobre férias, pasatempos,*
- *Compreender cancións infantís. Compreender textos semelhantes a materia de ESO.*
- *Expressar opinións. Aconsellar. Reproduzir o que disse alguén. Contar a historia de un libro, ou duns desenhos animados.*
- *Realizar preguntas que expresen dúbida.*
- *Dar información básica sobre un problema de saúde.*
- *Emprestar, trocar, devolver, reclamar.*
- *Vocabulario básico das unidades: familia, habitación, profesións, os números de un ao vinte, as cores, ámbito escolar, tempos libres, os transportes, hábitos, roupa, familia, emocións, férias...*
- *Aplicación de coñecementos gramaticais (verbos regulares e algúns irregulares en presente de indicativo, pronomes, preposicións e adverbios básicos, algunhas perífrases de muito uso, verbos irregulares en pretérito perfecto simples, pretérito imperfecto)*
- *Coñecemento de aspectos culturais da lusofonía (países de lingua portuguesa, número de falantes, trazos culturais muito genéricos e destacáveis da lusofonía: música, deportes, gastronomía...)*
- *Realización con una mínima corrección, adaptada ao nivel, de buscas de información sobre temas diversos.*
- *Actitude positiva e desexo de aprender*
 - Valórase positivamente a realización das tarefas de casa entregues aos alumnos, a presenza e puntualidade e a participación nas aulas.

Criterios de avaliación	Elementos sintactico-discursivos
• B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender a información esencial tanto implícita como explícita do texto. • B1.2. Identificar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, • B1.3. Comprender o esencial de conversas ou debates reais • B1.4. Comprender o sentido xeral, a información esencial de textos orais transmitidos por medios técnicos • B1.5. Recoñecer as fórmulas de contacto social • B2.1. Facer un uso consciente dos patróns sonoros acentuais, rítmicos e de entoación. • B2.2. Amosar a fluidez necesaria para manter a comunicación e garantir o obxectivo comunicativo. • B2.3. Adecuar a produción do texto oral ás funcións comunicativas requiridas. • B3.3. Identificar as ideas principais, a	1.-Expresión de relacións lóxicas: adición (não só...como também; não só... também); disxunción (ou, ou...ou); oposición /concesión (mas, mesmo assim;... embora); causa (por causa disso; daí que); finalidade (para + Inf.; para que); comparación (mais/menos/tão/tanto + Adj./Adv./Subst. + (do) que/como/quanto; superlativo relativo (p. ex., o rapaz mais distraído da turma); resultado (assim, portanto). 2.Expresión da condición (conectores: se, sem, desde que...; formas verbais: futuro de indicativo e de conjuntivo, simples e composto, pretérito e pretérito-mais-que-perfeito composto do conjuntivo, condicional simples e composto). 3.Discurso indirecto (informacións, ofrecementos, suxestións e ordes) e indirecto libre. 4.Relacións temporais (enquanto, antes que, depois que, logo que, assim que, mal + presente do conjuntivo, até que, sempre que). 5.Afirmación (sentenzas declarativas afirmativas; frases impersonais).

información relevante e as implicacións xerais de textos.

- B3.4. Distinguir e aplicar á comprensión do texto escrito as funcións e os significados específicos.

- B3.5. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos, auténticos ou adaptados.

- B3.6. Comprender correspondencia persoal breve en papel ou soporte dixital.

- B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos de estrutura clara e de certa lonxitude.

- B4.2. Escribir, en calquera soporte, textos de estrutura clara sobre una serie de temas xerais e máis específicos relacionados cos propios intereses ou as especialidade, facendo descrições co suficiente detalle.

- B4.3. Adecuar a produción do texto escrito ás funcións comunicativas requiridas.

- B4.4. Utilizar con razoable corrección as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de conexión e de cohesión de uso común.

- B4.5. Presentar os textos propios, en soporte impreso ou dixital, de xeito coidado.

- B4.6. Elaborar resumos e sintetizar información e argumentos partindo de diferentes fontes.

- B4.7. Escribir cartas formais e informais a persoas ligadas ao seu ámbito persoal e profesional.

- B5.1. Discriminar e producir con certa fluidez patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común.

- B5.2. Utilizar eficazmente os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua.

- B5.3. Reproducir os patróns ortográficos, de puntuación e de formato de uso común.

- B5.4. Coñecer e aplicar os trazos socioculturais e sociolingüísticos salientables das comunidades en que se utiliza a lingua meta.

6. Exclamación (formas elípticas: Que + Subst.+ (tão) + Adj., p. ex. Que dia tão lindo!); sentenzas e sintagmas exclamativos, p. ex. Ei, esta é a minha bicicleta!; Magnífica bolsa!).

7. Negación (sentenzas declarativas negativas con não, nunca; (não) nada, nenhum (a), ninguém, nem).

8. Interrogación (sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU- (p. ex., De quem é a culpa?); interrogativas tag (p. ex., Isto é fácil, não é?); interrogativas eco e duplas).

9. Expresión do tempo: pasado (pretérito imperfeito, perfeito simples e perfeito composto e pretérito mais-que-perfeito composto); presente (presente, gerúndio); futuro (futuro simple e composto; (+Adv.); haver-de).

10. Expresión do aspecto: puntual (tempos simples); durativo (presente, futuro simple, pretérito imperfeito e pretérito perfeito composto do indicativo (+ Adv.); andar a + Inf.; ir + Ger.); habitual (tempos simples (+ Adv.); costumar+ Inf.); incoativo (desatar a + Inf.); iterativo (pretérito imperfeito do indicativo; voltar a + Inf.); terminativo (pretérito perfeito simples composto e pretérito mais-que-perfeito composto; vir de + Inf.).

11. Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); capacidade (é capaz / incapaz de + Inf.; saber); posibilidade/ probabilidade (ser possível / impossível + Inf.; tal vez); necessidade (ser preciso / necessário + Inf.); obrigación (ser obrigatório+ Inf.; imperativo); permiso (poder + Inf.; ser possível/ permitido + Inf.); prohibición: (não) ser possível / permitido + Inf.; intención (pretérito imperfeito gostar de + Inf.; tratar de+ Inf.; pensar + Inf.).

12. Expresión da existencia (p. ex., existir, dar-se); a entidade (substantivos contables / incontables/colectivos/compostos; pronomes (relativos, reflexivos átonos/ tónicos); determinantes; a calidade (por exemplo, bastante bom; consideravelmente caro; ótimo).

13. Expresión da cantidade (Singular/Plural; Numerais cardinais e ordinais. Cantidade: p. ex. bastante, a maior parte de, mais o menos. Grao: p. ex. consideravelmente; bastante bem).

14. Expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia, movemento, orixe, dirección).

15. Expresión do tempo (expresións, preposicións locucións de tempo (momento puntual (p. ex., meio-dia), divisións (p. ex., período, fim de semana) e indicacións de tempo (p. ex., atrás, cedo); duración (p. ex., até; entre... e); anterioridade (anteontem, já); posterioridade (mais tarde, na semana que vem); secuencia (em primeiro lugar, depois, em último lugar); simultaneidade (naquele momento); frecuencia (p. ex., cada semana).

16. Expresión do modo (expresións, preposicións e locucións prepositivas de modo, p. ex., á pressa)

